


Asedio a Lugrís

Como cada ano, a RAG dedica o 17 de maio para a lembranza, pero tamén para a análise, reflexión, estudo... dun autor concreto e áinda das circunstancias sociais, políticas, culturais... que rodearon o seu quefacer nunha xeira concreta da nosa historia. Desta volta, a figura obxecto da home-naxe é Manuel Lugrís Freire (1863-1940). A conmemoración de Lugrís coincide, polo demais, co centenario da propia RAG da que o noso autor foi cofundador e áinda presidente da entidade desde 1934.

Igualmente, como cada ano, desde 1993, Edición Xerais tira do prelo a correspondente entrega dentro da colección "Letras Galegas" destinada, xustamente, a divulgar, como lle cómpre, a vida e mais a obra do autor aoque está asignada a celebración das "Letras Galegas". Certamente, para levar a ca-



bo o volume deste ano 2006, poucas persoas aparecen tan cualificadas como o profesor Ramón Nicolás (Vigo, 1966) —a

Vida, Obra e Compromiso



XOSÉ RAMÓN PENA

quen temos a fortuna de contar como colaborador habitual de FARO DA CULTURA-, persoa cunha ampla e recoñecida traxectoria no terreo da crítica literaria e da investigación, actual director da "Biblioteca das Letras Galegas" da editorial que vén de publicar o traballo obxecto do noso comentario.

Iníciase este cunha acertada cita de Villar Ponte, quen cualificou a Lugrís Freire como "benxamín dos Precursores e evanclista dos Continuadores", algo co que concorda Nicolás e que, ao noso ver, orienta, precisamente, a perspectiva que o analista proxecta sobre a figura do autor nacido na vila de Sada. De seguido, Nicolás leva adiante un percorrido polo roteiro vital de Lugrís, sinalando os episodios fundamentais do mesmo: a

estadía en Cuba (1883-1896) e o episodio central "ao servizo de Galicia" que ocupa unha cronomoxía que vai desde 1896 —data do regreso á terra nativa— deica 1940. A condición de auténtico herdeiro dos rexurdimentistas, a participación activa nas Irmandades da Fala —coa súa decidida e apaixonada defensa do idioma galego—, pero tamén un pensamento político centrado nun galeguismo liberal e progresista, con abertas simpatías cara ao movemento agrario e sobre todo, e a pesar do avanzado da súa idade, cunha decidida vocación de amor ao país que o levou a participar na elaboración do noso Iº Estatuto de Autonomía (1936) constitúen elementos que Ramón Nicolás debulla con singular mestría, incorporando, polo demais, importantes novidades e, ao cabo, facilitándonos unha magnífica impresión de conxunto que nos achega máis e mellor a episodios decisivos na configuración da nosa conciencia nacional. Parabéns.

NICOLÁS, Ramón, Manuel Lugrís Freire. *Vida e obra*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 146 páxinas